

Resolución do 13 de xaneiro de 2020, do tribunal designado para o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 31 de maio de 2019 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm.115 do 19 de xuño)

Na sesión que tivo lugar o día 10 de xaneiro de 2020, o tribunal nomeado pola Orde do 30 de setembro de 2019 (DOG núm. 195 do 14 de outubro), designado para xulgar o acceso e ingreso nos corpos da policía local de Galicia, escala básica, categoría de policía, quenda de acceso libre, convocado pola Orde do 31 de maio de 2019, e de conformidade co disposto nas bases da convocatoria, ACORDOU:

PRIMEIRO.- En relación coas alegacións recibidas relativas aos/as aspirantes declarados /as non aptos/as no cuarto exercicio (probos psicotécnicos), aos efectos de evitar calquera tipo de indefensión, maximizar a transparencia do proceso, garantir a imparcialidade, e permitir no seu caso, o exercicio dos seus dereitos polos interesados/as, habilitase **o día 22 de xaneiro de 2020, a partir das 10:30 horas**, na sede da Agasp para consultar o cuestionario empregado nas probas escritas e a gravación da súa entrevista, contando coa asistencia do tribunal e do persoal especialista que efectuou e valorou as probas.

Empregarase a orde alfabética dos/as aspirantes presentes no día referenciado para a visualización das probas.

Non obstante, os dereitos individuais dos aspirantes deben conciliarse coa necesidade de que este Tribunal salvagarde os dereitos a intimidade, a propia imaxe e a protección de datos. As entrevistas conteñen información de carácter sensible e as probas psicotécnicas revisten carácter confidencial respecto de terceiros. Por iso vaise a extremar a dilixencia para evitar calquera tipo de filtracións ou divulgacións, en consecuencia non se vai entregar copia das gravacións, nin se vai a permitir a utilización de ningún tipo de mecanismo de rexistro ou gravación. Cada aspirante poderá a súa propia entrevista, pero non a de terceiros.

Do mesmo xeito, respecto do cuestionario, recordase, que ao contrario do que sucede coa proba de coñecementos (na cal o obxectivo é que sexa preparada polo/a aspirante o máximo posible, para adquirir un bo dominio da materia) a especial natureza das probas psicotécnicas determina que se busque que a modalidade de exame en sí non sexa preparada ou adestrada,

posto que iso permitiría enmascarar aspectos relevantes da personalidade e acadar que os resultados foran menos fiables, perdendo, polo tanto, a proba a súa finalidade. O que se pretende é acadar a espontaneidade e sinceridade, de xeito que divulgación do contido do cuestionario prexudicaría a realización de futuras probas.

Por outra parte, resulta relevante que por imperativo das bases deste cuestionario non foi elaborado polos membros do Tribunal, senón polos especialistas aos que se lle encomendou dita función e os mesmos manifestaron por escrito a súa vontade de que non se divulgue o contido do cuestionario para protexer entre outros, os seus dereitos de propiedade intelectual. En consecuencia, permitírase a súa consultada aos/as aspirantes declarados/as non aptos/as nesta proba, pero non a súa copia nin divulgación.

Tal como se acordou na resolución deste Tribunal de 13 de decembro de 2019, as gravacións continuarán custodiadas na sede da AGASP para o exclusivo propósito de que poidan ser empregadas, no suposto de resultar necesario, para o proceso selectivo, estando a este efecto a disposición do/as interesados/as para a súa consulta no centro, e serán destruídas una vez finalizados os prazos legais.

SEGUNDO.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso administrativo ante o órgano competente conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como establece a disposición derradeira da orde da convocatoria.

Pontevedra, 13 de xaneiro de 2020

O presidente do tribunal

Alejandro Tuero González

